



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## ASISTENTES

Alonso Prieto, Elena  
Álvarez Moreira, José Ángel  
Alverte Pivida, Rodrigo  
Ansele Vilas, Miguel  
Araújo Fernández, María  
Ares Ferreirós, Martina  
Báez Montero, Inmaculada  
Baltrusch, Burghard  
Barreiro Rodríguez-Moldes, M<sup>a</sup> Covadonga  
Bazo Abeledo, Sheila  
Blanco Sierra, Javier  
Blas Varela, M<sup>a</sup> Esther de  
Boutinguiza Larosi, Mohamed  
Bouza Rodríguez, J. Benito  
Bueno Alonso, Jorge L.  
Caamaño Martínez, José Carlos  
Carballo González, M<sup>a</sup> de los Ángeles  
Carmona Ramírez, Jessica Alejandra  
Carro Parafita, Pedro Manuel  
Casas Rodríguez, Diego  
Castro Rodríguez, Alfonso  
Cebro Rodríguez, Xoán Manuel  
Cid Fernández, Xosé Manuel  
Cid Vera, Luis Saúl  
Collazo Fernández, Antonio  
Comesaña Benavides, José Antonio  
Comesaña Piñeiro, Rafael  
Corbacho Valencia, Juan Manuel  
Costa González, Alicia  
Costa Montenegro, Enrique  
Couto Cancela, Daniel  
Cruz Freire, José Manuel  
Cuiñas Gómez, Íñigo  
Dafonte Gómez, Alberto  
Diéguez Castrillón, M<sup>a</sup> Isabel  
Diz Folgar, Manuel  
Docampo Pérez, Ainhoa  
Dominguez Domínguez, Rubén  
Eguía Oller, Pablo  
Falagán Mota, Jorge  
Fariña Rodríguez, José  
Felpeiro Rodríguez, Beatriz  
Fenollera Bolívar, M<sup>a</sup> Inmaculada  
Fernández Fustes, M<sup>a</sup> Dolores  
Fernández Iglesias, Manuel José  
Fernández Rey, Aser Ángel  
Fernández Riverola, Florentino  
Fernández Souto, Ana Belén  
Fernández Suárez, Emilio Manuel  
Fraiz Brea, José Antonio  
Franco Matilla, M<sup>a</sup> Inmaculada  
Gallardo Medina, Mercedes  
Gándara Pérez, José Antonio  
García Fuentes, Olalla  
García González, Silvia  
García Mateo, Carmen  
Garrido Campos, Julio  
Gil Hidalgo, Paula  
Godoy Malvar, Eduardo  
González Álvarez, Dolores  
González López, Raquel  
González Varela, Luis  
Guzmán Prieto, Alejandro  
Hernández Sánchez, Jesús  
Horjales Rodríguez, Silvia  
Iglesias Blanco, Raúl  
Iglesias Briones, María Jesús  
Isorna Folgar, Manuel  
Lago Maciel, Pablo  
Lameiro Diéguez, M<sup>a</sup> de los Remedios  
Liñares Méndez, Patricia  
Llamas Nistal, Martín  
López González, Iria  
López Lago, Marcos  
López Mira, Álvaro Xosé  
López Rodríguez, Javier  
López Rubianes, Lucrecia M<sup>a</sup>  
López Sánchez, Óscar  
Lorenzo Rodríguez, M<sup>a</sup> Edita de  
Macías Cambra, Henrique  
Marcet Miramontes, Purificación  
Martín Moreno, José M.  
Martínez Gómez, Alejandro

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día **16 de outubro de dous mil vinte**, convocada para ás 09.30 h en primeira convocatoria e ás 10.00h en segunda, no Salón de actos da Facultade de CC. Económicas e Empresariais (Campus Vigo), no Salón de actos do Edificio Politécnico (Campus Ourense), no Salón de actos da Facultade de CC. Sociais e da Comunicación (Campus Pontevedra ), así como a través do Campus Remoto – Sala 29 (Claustro Universitario).

Acadado o quórum necesario ás 10:00 h, dá comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 17 de decembro de 2019.
2. Informe do Reitor
3. Informe sobre o segundo ano de goberno do equipo reitoral.
4. Emisión de informe sobre o inicio do expediente de creación da Facultade de Dirección e Xestión Pública.
5. Emisión de informe sobre o inicio do expediente de creación da Facultade de Deseño.
6. Emisión de informe sobre o inicio do expediente de creación da Facultade de Relacións Internacionais.
7. Creación, se procede, da Escola Aberta de Formación Permanente da Universidade de Vigo.
8. Creación da comisión de traballo para a elaboración do Regulamento de Inspección da Universidade de Vigo.
9. Aprobación, se procede, da modificación do inciso j) nos artigos 11.2º e 30.7º do Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo.
10. Aprobación, se procede, do regulamento da Valedoría Universitaria da Universidade de Vigo.
11. Informe sobre o estado actual do proxecto do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo.
12. Informe de Transparencia correspondente ao ano 2019.
13. Adhesión, se procede, ao documento de apoio ás Universidades públicas galegas.
14. Toma de postura sobre a incorporación ao Claustro das persoas que ocupan os Decanatos e Direccións dos Centros.
15. Elección, polo sector estudantes, dos seguintes membros:
  - A. Mesa do Claustro (2 vacantes).
  - B. Consello de Goberno (8 vacantes).
  - C. Comisión do Plan Estratéxico (2 vacantes).
  - D. Comisión Electoral (2 vacantes).
  - E. Consello de Campus de Ourense (5 vacantes)
  - F. Consello de Campus de Pontevedra (5 vacantes)
16. Nomeamento, se procede, de Paula Gil Hidalgo como presidenta do Consello de Estudantes.
17. Quenda de intervencións.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

Mascuñan Tolon, Patricia Silvia  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Míguez Miramontes, Jesús Manuel  
Mojón Ojea, Artemio  
Mollinedo Lois, Carlos  
Morán Martínez, M<sup>a</sup> Paloma  
Moure Rodríguez, María José  
Nombela Castaño, Miguel Ángel  
Nóvoa Rodríguez, Xosé Ramón  
Oca Cancela, Guillermo de  
Ovejero Campos, Aida  
Pallas Otero, Patricia  
Pardo Froján, Juan E.  
Patiño Vilas, David  
Peña Gallego, M<sup>a</sup> de los Ángeles  
Pérez Álvarez, María José  
Pérez Cota, Manuel  
Pérez Guerra, Nelson  
Pérez Juste, Ignacio  
Pérez Rodríguez, M<sup>a</sup> Rosa  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Puig Rodríguez, Aarón  
Ramos Cabrer, Manuel  
Ramos Vázquez, Antonio Manuel  
Reboreda Morillo, Susana  
Reigosa Roger, Manuel J.  
Ríos Santomé, María José  
Rivas Conde, Filemón  
Rivo López, Elena  
Rodríguez de la Fuente, Marta  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier  
Rúa Estévez, José Manuel  
Rubio Armesto, M<sup>a</sup> Belén  
Saiz Rodríguez, Anna María  
Santalla del Río, M<sup>a</sup> Verónica  
Sanz Fonta, Alejandro  
Sieiro Vázquez, Carmen  
Silva Martínez, Daniel da  
Siota Álvarez, Mónica  
Sotelo Dios, Patricia  
Soto Carballo, Jorge Genaro  
Souto García, Raquel M.  
Sueiro Justel, Joaquín  
Teixeira Bautista, Marta  
Teira González, Eva  
Torres Outón, Sara M<sup>a</sup>  
Torres Romay, Emma  
Vázquez Alonso, Aroa  
Vázquez Otero, M<sup>a</sup> Elsa  
Velasco Graña, M<sup>a</sup> Rita  
Vera Isasa, María  
Vidal Vázquez, Ricardo  
Villanueva Torres, Daniel  
Virgós Soto, Alejandro  
Zels Garrido, Alba  
**DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:**  
Cancho Grande, Beatriz  
Castro Cerceda, M<sup>a</sup> Luisa  
Dominguez Araujo, Lara  
Ferro Soto, Carlos Antonio  
Gómez Rodríguez, Alma M<sup>a</sup>  
González Barreiro, Alicia  
López Periago, José Eugenio  
Vila Alonso, M<sup>a</sup> de las Mercedes

Segundo o sorteo da letra para as intervencións, levado a cabo pola Mesa, comezarase pola “J”. Asemade, a Mesa decide aceptar a petición do decano da Facultade de Filoloxía e Tradución, José Francisco Montero Reguera, para participar con voz e sen voto.

### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 17 de decembro de 2019.**

Non foron recibidas observacións, polo que se aproba por asentimento.

### **2. Informe do reitor.**

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Cuestións de peche do curso académico e gastos relativos á pandemia.
- Fenda dixital.
- Campus remoto (xemelgo dixital).
- Novas bolsas.
- Mini-Moodles.
- Aplicación da cláusula Uvigo.
- Informe sobre a adaptación da actividade docente durante o confinamento.
- Programación do curso 2020/2021.
- Ferramentas postas en marcha para este curso: plataforma MooVi, Campus Integra.
- Distintas solucións nos centros.
- Axeitamento dos espazos: novos espazos docentes, marcaxe das circulacións dos edificios, novo espazo covid.
- Acordo para a implantación do Mestrado de Aeronáutica entre as universidades de A Coruña e de Vigo no curso 2021/2022.
- Fondo SUPERA-COVID. Gran éxito do noso persoal investigador. Fondos da Xunta de Galicia: 966.000 €.
- Fondos do Ministerio: 2.987.774 €.
- Probas PCR aos traballadores e traballadoras.
- Probas ao chou ao estudantado e ao resto dos colectivos.
- A universidade, entre as 600 mellores do mundo segundo ARW.

- A titulación de Relacións Internacionais (campus de Ourense) segue a súa tramitación.
- Estase a traballar no Grao en Enxeñaría da Automoción.
- Problemas con dúas titulacións: FAGE (que propoñemos para a súa substitución polo GCLEL) e o Mestrado de Dereito de Empresa. Non estamos en absoluto de acordo e imos tentar que as dúas titulacións sexan aprobadas o antes posible.
- Solucións ao tema do radón: primeiro pecháronse os espazos nos que había problemas, logo fixéronse obras para mellorar a ventilación. Neste momento os niveis de radón están por debaixo dos límites.
- Copisterías, cafeterías e comedores: loxicamente están afectados pola pandemia. Nos seguintes concursos tomaranse en conta as propostas dos claustrais.



- Custo da mascota Oli: foi realizada polo equipo da Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais, polo que non tivo custo ningún. Loxicamente si que hai un custo nas campañas realizadas, pero sería idéntico a se non se incluía a mascota.
- Deuse orde de borrar as pintadas carlistas.
- No que atinxe aos servizos de Nadal do Vitrasa, pedírase que os servizos sexan axeitados.
- Esperamos que non envorque o autobús 15C nin o 8, nin ningún outro.
- Goteiras no campus: existe un procedemento para o coidado dos edificios, que ten en conta as dispoñibilidades de cartos e que se fai entre a Reitoría e os centros.
- No edificio do Berbés, non quedou nada sen facer, nin a fachada nin o interior. Houbo certos atrasos. Neste momento, estamos pendentes do mobiliario para a inauguración.
- Este ano fixéronse electrificacións de numerosas aulas nos distintos centros.
- Plan de aforro enerxético: a UVigo presentou ante a Xunta un plan que inclúe o uso de enerxía fotovoltaica, de biomasa, de xeotermia e de aerotermia. As primeiras accións nos tres campus están próximas a rematar.
- Perdas debidas a cortes de electricidade: temos un seguro e estanse a cuantificar as perdas, que son remuneradas pola compañía aseguradora.
- Estase a redactar un plan de reformas para facer os campus máis amigables para as persoas con mobilidade reducida ou con problemas de visión.
- Con relación á queixa pola falta de transparencia, hai que subliñar que, de acordo coa clasificación independente das universidades públicas españolas, ocupamos o segundo lugar de España.
- Regulamentos de alumnado, avaliación e réxime disciplinario: estanse a redactar e virán aos órganos de goberno ao longo do presente curso académico.
- Avaliación continua: No artigo 64 dos Estatutos, sobre os dereitos do estudiantado, no apartado g) inclúese o dereito «A ser avaliado en réxime de avaliación continua e a dispor como alternativa de probas de avaliación global».
- Preguntas número 5a e 5b de Álvarez Moreira: en ambos os dous casos, a resposta é non.

José Francisco Montero Reguera agradece as xestións do equipo de goberno levadas a cabo para garantir a substitución do Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios polo Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española.

Dolores González Álvarez pregunta sobre a aplicación da cláusula Uvigo, destacando que non está de acordo en que sexa a mellor solución para as cuestións relativas á eventual mala praxe do profesorado. Pensa que habería que revisar esta cláusula e que non se lle respondeu desde a vicerreitoría competente aos seus escritos e chamadas. Insiste en que as profesoras afectadas non son sospeitosas dunha mala praxe. O reitor sinala que non quería manifestar a satisfacción coa cláusula Uvigo, senón que a avaliación funcionou tan ben que o emprego da cláusula foi residual e que probablemente deba ser mellorada. Pensa que debemos aprender da experiencia.

Alejandro Sanz pide que se informe sobre o acordo respecto ao Mestrado de Enxeñaría Aeroespacial. O reitor informa de que se buscou a unha persoa externa para que consensuase un posible plan entre as dúas universidades implicadas, pendente de presentación. No primeiro curso o alumnado estará matriculado ao 100% na Universidade de Vigo, podendo trasladarse para a especialidade á Universidade de A Coruña. Entende que se garante así o liderado do Campus de Ourense na titulación. Agradece a confianza da Escola de Enxeñaría no equipo reitoral para facer esta xestión, dado o fracaso da negociación entre as dúas universidades. Pensa que se trata dunha boa solución.

Pedro Carro agradece ao reitor a mención ás súas intervencións no anterior claustro, así como ao servizo de comunicación. De todos os xeitos insiste sobre algunhas cuestións, como o funcionamento dos autobuses, os prezos dos comedores, ou a mellora da transparencia. O reitor responde que sempre hai campo para a mellora. Prega que se comuniquen os problemas de aforo cos autobuses así como os problemas de calidade dos servizos. Pedro Carro pregunta se hai avances sobre as copisterías. A xerenta indica que sairá a finais de ano o concurso. Aroa Vázquez pregunta pola prohibición do uso do microondas, que impide ao alumnado traer a comida de casa. O reitor descoñece a resposta pero se estudiará.

### 3. Informe sobre o segundo ano de goberno do equipo reitoral.

O reitor informa, en primeiro lugar, dos compromisos electorais aínda non acadados polo de agora. En concreto, os seguintes:

- ✓ Adicional novena: estamos pendentes de que a funcionarización nos permita, tanto desde o punto de vista orzamentario coma desde o punto de vista da masa salarial, cumprir este compromiso, que está retrasado.
- ✓ Recuperación da posibilidade de usar FEUGA.
- ✓ Pagamento das pagas íntegras ao PDI: este ano chegamos á metade do que correspondería, esperamos o ano que vén chegar aos  $\frac{3}{4}$  e o seguinte ao 100 %.

En segundo lugar, fala dunha serie de obxectivos que necesitan un pouco máis de tempo:

- ✓ Facer máis áxil a xestión. Implantación incompleta do MUS. Sede electrónica: algúns procedementos xa están implementados (certificados académicos, acción social).
- ✓ Negociación xeral da RPT: comezaron os traballos no eido da investigación, faltan avances no resto dos eidos.
- ✓ Instalación da planta piloto de ciencia e de tecnoloxía de alimentos en Ourense.

Finalmente, fala dos compromisos acadados:

- ✓ Recuperación do Claustro como órgano de debate.
- ✓ Negociación e respecto pola toma de acordos coa representación dos traballadores e traballadoras: chegouse a acordos que foron respectados en Consello de Goberno. Nos casos nos que non houbo acordo, negociouse e a posición do equipo mudou durante os debates ata achegarse ás propostas feitas pola parte sindical.
- ✓ Senda de recuperación dos cadros teóricos do profesorado. Os cálculos están feitos e a folla de ruta para a promoción do persoal acreditado e para a captación de novo profesorado axudante doutor nas áreas nas que hai déficit, están claros.
- ✓ Dignificación da docencia cun límite de 280 horas anuais.
- ✓ Bolsas de acreditados/as: estase a respectar o criterio de antigüidade e as bolsas están baixando ao ritmo previsto.
- ✓ Recuperación do 100 % dos haberes nas baixas.

Para rematar, o reitor fai unha breve panorámica dos compromisos acadados segundo diferentes sectores: investigación, transferencia, gobernanza, etc... así como respecto dos Campus de Ourense e Pontevedra.

Emilio Fernández celebra que se organizara o Claustro. Pensa que todos os membros desta Universidade deron unha moi boa resposta ante a situación vivida, e quere ter un especial recoñecemento aos equipos directivos, incluíndo ao equipo reitoral. Destaca o aspecto positivo do Campus Remoto, que en parte procede da aposta de fai anos da Universidade polas novas tecnoloxías, como no caso do Campus de Excelencia. Pensa que houbo erros na política de comunicación, prevalecendo as novas aos medios en prexuízo da comunidade universitaria, pero, en suma, admite que son erros comprensibles no marco da emerxencia. Valora os incumprimentos amosados polo reitor e pensa que debería haber unha análise máis crítica. Cre que tal vez os obxectivos non son os axeitados. Comenta os problemas de burocracia, que continúan a ser graves e opina que hai unha falla de visión estratéxica. Entende que non se contou coas persoas axeitadas para a elaboración do plan estratéxico e cre que as negociacións deberían ser máis compartidas, como no caso dalgunhas titulacións. Tamén critica a actuación do equipo reitoral en concretas negociacións políticas, como coa anterior Conselleira de Educación ou co Concello de Ourense. Non ten unha visión negativa da Universidade, pero pensa que é necesaria unha análise crítica. Entende que hai unha apropiación de instrumentos de comunicación un tanto partidista, que leva á



separación da Universidade en dúas faccións separadas. O reitor agradece o discurso tanto na parte crítica como na de concordia. Reflexionará en particular sobre a crítica relativa ao emprego partidista


da institución e invita a Emilio Fernández a falalo. Concorde que o PDI, PAS e o alumnado estiveron á altura da crise, moi por enriba da media. Houbo moitas xuntanzas que deron froito e foron positivas. Discrepa sobre o asunto da estratexia e cre que o equipo debe ser respectuoso cos compromisos adquiridos e que a estratexia aparece no programa electoral. No claustro celebrado en Ourense acadouse o compromiso sobre o plan estratéxico, que foi un proceso absolutamente participativo. Pensa que temos a obriga moral de cumprir o noso programa electoral e deberíamos ver un horizonte máis longo que un só mandato electoral. Pide que todo o mundo continúe a participar no plan estratéxico. En relación co denominado “plan Doing” cre que foi certamente un tanto apresurado, pola crise sanitaria, e que, malia o seu fracaso, abriu a posibilidade dunha contraproposta ben dotada economicamente cara a modernización tecnolóxica. Agradece as críticas e tende a man a Emilio Fernández a falar dos asuntos que sirvan para mellorar de cara ao futuro.

Henrique Macías, representante do PAS, nota unha paralización respecto dos compromisos contraídos co PAS, e indica que se ten presentada moita documentación dende as representacións sindicais a este respecto, aínda que comprende en parte que a crise foi unha prioridade. Pero queda a nova RPT, o teletraballo, pagas extras do PAS, etc... Aínda que ve unha actitude positiva, agradecería que se lle dese un impulso para ir avanzando nestes asuntos. O reitor espera que a proposta da Xerencia sobre funcionarización estea lista a semana vindeira e cre que outros asuntos poden ir rápido.

Íñigo Cuiñas solicita que conste en acta que debe abandonar o claustro para dar clase ao comezo do punto 4 (ás 11:47 h.).

#### **4. Emisión de informe sobre o inicio do expediente de creación da Facultade de Dirección e Xestión Pública.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado que detalla en primeiro lugar o procedemento a seguir nestes asuntos con carácter xeral:



Neste caso concreto, os datos son os seguintes:

Denominación: Facultade de Dirección e Xestión Pública

Sede: Campus de Pontevedra

Titulacións iniciais:

- Grao de Dirección e Xestión Pública
- Mestrado Universitario en Dirección Pública e Liderado Institucional.



O vicerreitor pon en contexto a solicitude, indicando como se chegou ata a mesma, contactando co centro afectado. Trátase dun centro pequeno que non implicaría un custo elevado.

Apróbase por asentimento.

### **5. Emisión de informe sobre o inicio do expediente de creación da Facultade de Deseño.**

De xeito parello ao anterior, neste caso os datos son os seguintes:

Denominación: Facultade de Deseño

Sede: Campus de Pontevedra

Titulacións iniciais:

- Grao de Deseño

- Mestrado Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda.

Esta titulación xa estaba acordada en 2017. Está en fase de avaliación pola Secretaría Xeral de Universidades. O proceso foi longo. A memoria xa estivo en exposición pública. Estará situada no Edificio Benito Corbal de Pontevedra.

Apróbase por asentimento.

### **6. Emisión de informe sobre o inicio do expediente de creación da Facultade de Relacións Internacionais.**

Finalmente, neste caso, os datos son os seguintes:

Denominación: Facultade de Relacións Internacionais

Sede: Campus de Ourense

Titulacións iniciais:

- Grao de Relacións Internacionais

Trátase dunha titulación compartida coa Universidade de A Coruña. En principio comezaría no Edificio Xurídico-Empresarial, aínda que se está a negociar unha ubicación alternativa na cidade de Ourense.

Apróbase por asentimento.

### **7. Creación, se procede, da Escola Aberta de Formación Permanente da Universidade de Vigo.**

1.	Barcelona	
	- Mestrados propios:	422
	- Posgrao:	Compoñentes de moitos mestrados
2.	Salamanca	
	- Mestrados propios:	87
	- Diplomas de especialización:	19
	- Experto/a:	18
3.	Alcalá	
	- Mestrados propios:	112



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

O	- Diplomas de especialización:	23
	- Experto/a:	25

reitor cede novamente a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado quen expón unha comparativa das universidades nacionais

A continuación fai o mesmo coas universidades do SUG e finaliza co cadro correspondente á Universidade de Vigo. Sinala cales son os problemas nesta situación, destacando os normativos e os burocráticos, así como a falta dunha oferta coordinada. Expón asemade as funcións que terá:

- ✓ Titulacións propias
- ✓ Actividades formativas baixo demanda
- ✓ Programa universitario de maiores
- ✓ Formación e innovación docente
- ✓ Outras actividades formativas

Así como posibles denominacións:

- ✓ Escola de Formación Aberta.
- ✓ Instituto de Formación Continua (UB)
- ✓ Centro de Formación Permanente (USAL)
- ✓ Escola de Posgrao (UAH)
- ✓ Centro de Estudos Propios (USC)
- ✓ Unidade de Estudos Propios de Posgrao (UDC)

Conclúe con gráficos que detallan a estrutura, os recursos e a planificación. Estaría situada no Edificio Ernestina Otero.

Emilio Fernández valora positivamente a creación desta nova Escola e coincide en que existía unha eiva na nosa Universidade a este respecto. Con todo, alerta sobre posibles problemas, dado que estas Escolas noutras universidades, pola retribución extra ao profesorado que soen requirir estes cursos, poden supoñer cotos cerrados o que ve como un grave inconveniente. Pensa que deberían utilizarse as folgas do profesorado para novas iniciativas neste sentido, aproveitando recursos valiosos que xa están na nosa Universidade. O vicerreitor concorda coa exposición de Emilio Fernández e o aproveitará para o futuro regulamento. O reitor móstrase moi esperanzado con este tipo de iniciativa.

Apróbase por asentimento.

## **8. Creación da comisión de traballo para a elaboración do Regulamento de Inspección da Universidade de Vigo.**

O reitor fai unha proposta da comisión, aberta ao debate, que sería a seguinte:

- secretario xeral
- vicesecretaria xeral técnica
- Asesoría Xurídica, persoa que nomeen
- inspectora
- 5 representantes do PDI, elixidos polo sector no Claustro
- 3 representantes do alumnado, elixidos polo sector no Claustro
- 2 representantes do PAS, elixidos polo sector no Claustro

Emilio Fernández pregunta se a proposta se abre a toda a comunidade universitaria. O reitor indica que si. O secretario xeral pide que no caso do alumnado sexan claustrais. Dáse un prazo de un mes para presentar candidaturas.

Aprobábase a composición da comisión.

#### **9. Aprobación, se procede, da modificación do inciso j) nos artigos 11.2º e 30.7º do Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo.**

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, que explica que a causa da modificación é permitir que sexan as xuntas electorais dos centros as que designen aos membros das mesas de votación de cada centro, salvo a da Reitoría nas eleccións a claustro e reitor. Tal e como está redactado o regulamento tería que ser a Comisión Electoral a que fixera o sorteo dos membros de cada sector de cada centro para que formasen parte das mesas electorais. Antes era a Comisión Electoral a que o facía, pero modificouse en 2008, aspecto que non se advertiu na redacción do regulamento xeral ata as novas eleccións.

Apróbbase por asentimento.

#### **10. Aprobación, se procede, do regulamento da Valedoría Universitaria da Universidade de Vigo.**

O reitor explica que presentáronse dúas emendas:

- José A. Álvarez Moreira: alternancia nos termos valedora/valedor. Acéptase.
- Felipe Gil Castiñeiras: acordouse unha redacción alternativa en diferentes puntos, que se presenta como posible transacción.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, que pasa a expoñer as emendas negociadas (destacados en verde os aspectos engadidos). Aparecen xa os artigos segundo a nova numeración.

##### Artigo 2.

1. Poderá ser elixida/o valedora ou valedor universitario calquera profesional da Universidade de Vigo con vinculación permanente **e a tempo completo** que, auízo do Claustro Universitario, conte co aval do seu prestixio persoal e profesional.

Artigo 3, sobre o cesamento da Valedora ou Valedor.

**A valedora ou valedor universitario finalizará o seu mandato polas seguintes causas:**

**a) Por pedimento propio**





- b) Por expiración do prazo do seu mandato, aínda que permanecerá en función ata que o Claustro elixa quen o vai suceder
- c) Por deixar de ser membro da Universidade de Vigo
- d) Por falecemento ou por incapacidade sobrevida para desempeñalas súas funcións.
- e) A proposta de, polo menos, o 20% dos e das claustrais, e o seu cesamento requirirá a maioría absoluta dos membros do Claustro.
- f) Polas establecidas nos Estatutos da Universidade para cargos unipersoais.

#### Artigo 4.

O valedor ou valedora universitaria será suplido temporalmente no exercicio das súas funcións por un dos membros da Comisión Asesora, debendo aprobar a Mesa do Claustro a persoa da Comisión Asesora que o ou a substituirá.

#### Artigo 5.

3. A valedora ou valedor é responsable da súa xestión diante do claustro, órgano ante quen deberá presentar unha memoria anual sobre as actividades desenvoltas en exercicio das súas funcións.

#### Artigo 6. Réxime de incompatibilidades

A condición de valedora ou valedor universitario é incompatible co desempeño de calquera cargo de goberno ou de representación da Universidade, non podendo desenvolver ningunha actividade nin para a Universidade nin para terceiros que poda supoñer un conflito de interese.

#### Artigo 7.

4. A Valedoría contará cun rexistro propio de carácter confidencial.

#### Artigo 10.

4. Perderase a condición de membro da Comisión Asesora:

- a) Por pedimento propio
- b) Pola elección dunha nova Comisión
- c) Por falecemento ou incapacidade legal sobrevida
- d) Por perda das condicións necesarias para ser elixido/a
- e) Por incumprimento ou deixamento reiterados das función que lle sexan propias, a proposta da Comisión.

#### Engádese o Artigo 15. Deber de sigilo

O Valedor ou Valedora, así coma os membros da Comisión Asesora deberán gardar a confidencialidade dos datos e información de carácter persoal ou reservado obtidas no desempeño das súas funcións.

#### Artigo 20 (modifícase).

c) Acudir a calquera dependencia da Universidade para comprobar todos os datos que fosen necesarios.



2. Rexeitaranse as queixas ou reclamacións anónimas, as que estean sometidas a instancias xudiciais e as que estean pendentes dun expediente disciplinario, un recurso administrativo interposto previamente e nas que non esgotasen as instancias previstas na normativa aplicable, sen que tal rexeitamento impida a súa eventual posterior presentación, de resultar procedente, segundo as circunstancias do caso concreto. En todos os casos, trasladarase ás persoas interesadas a motivación que fundamentou a inadmisión. O anterior non impedirá, non obstante, a investigación sobre os problemas xerais suscitados por estas queixas.

O reitor destaca que houbo acordo en todas as emendas.

Susana Reboreda pregunta pola causa do falecemento e o secretario xeral a explica. Álvarez Moreira pide que se adapte a redacción á alternancia de xénero.

Apróbase por asentimento o Regulamento, incluíndo a redacción sinalada das emendas aportadas.

## **11. Informe sobre o estado actual do proxecto do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo.**

O reitor explica que o único plan estratéxico da Universidade de Vigo foi aprobado en 2008 e abrangía os anos 2008-2012. Cede a palabra a Jacobo Porteiro para que explique o plan.

- O 6 de febreiro de 2019 o Claustro aprobou a iniciativa presentada para elaborar un novo plan e o procedemento para a súa formulación.
- O 5 de xullo de 2019 o Claustro elixiu os membros do comité de dirección do Plan estratéxico.
- O comité de dirección traballou con tres comisións específicas adicionais. Rematou a proposta inicial o 2 de outubro de 2020.

En canto á metodoloxía:

- Tráballouse en función das seguintes fases:
  - ✓ Fase 1: análise estratéxica (comité de dirección).
  - ✓ Fase 2: formulación estratéxica co traballo das comisións específicas.
  - ✓ Fase 3: integración e validación (comité de dirección)
  - ✓ Fase 4: debate e aprobación (Claustro, Consello de Goberno, Consello Social).
- Para aumentar a participación dos axentes internos e externos, así como para poder cubrir en detalle os diferentes aspectos universitarios, o comité de dirección propuxo a creación de tres grupos de traballo ou comisións específicas:
  - ✓ Comisión 1: organización académica, titulacións e internacionalización.
  - ✓ Comisión 2: investigación, transferencia e cooperación internacional.
  - ✓ Comisión 3: infraestruturas, xestión, relación co entorno e sostibilidade.

As fases 1, 2 e 3 xa están completadas. O claustro do 16 de outubro inicia a fase 4. Jacobo Porteiro conclúe expoñendo a misión e visión do Plan, así como unha breve descrición dos eixos estratéxicos (5) e os valores e identidade (3).

Ábrese un prazo dun mes a partir de hoxe en exposición pública para facer achegas

## **12. Informe de Transparencia correspondente ao ano 2019.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación que sinala que o informe ten como finalidade promover a transparencia na Universidade, cara a sociedade, en cumprimento con varios imperativos legais. Lembra a presenza destacada da nosa Universidade nos ránkings de transparencia, como xa dixo o reitor. Agradece á Unidade de Análise e Programas e aos servizos implicados.

## **13. Adhesión, se procede, ao documento de apoio ás Universidades públicas galegas.**

O reitor pensa que é bo que o Claustro se sume a este documento aprobado unanimemente polo Consello de Goberno e por todos os membros presentes no Consello Social. O documento, que recolle distintas sensibilidades, fai unha aposta moi clara pola universidade pública. O reitor da lectura a algunhas liñas destacadas do mesmo e solicita o asentimento.

Apróbase por asentimento.

## **14. Toma de postura sobre a incorporación ao Claustro das persoas que ocupan os Decanatos e Direccións dos Centros.**

O reitor indica que semella que sería posible incorporar xa as persoas que ocupan os decanatos e as direccións dos centros coma claustrais, se se decide facer así. Os Estatutos son interpretables neste senso.

A postura do equipo reitoral é favorable a facer esta interpretación e chamar os novos membros para o seguinte claustro (previsto en decembro).

Antonio Ramos pregunta se se poden incorporar os delegados e delegadas das distintas facultades. O reitor comprométese a facer a pregunta á Asesoría Xurídica. María José Ríos opóñese a tal incorporación. Álvarez Moreiras pregunta onde figura que son membros natos. O reitor aclara que é no punto 12.2º dos Estatutos.

Luis González Varela pregunta polas prazas que quedarían libres como PDI se algúns decanos xa claustrais pasaran a ser incorporados como decanos. Farase a consulta. Miguel Ansede propón que se aprace a aprobación deste punto ata que se espere polo alumnado. Antonio Ramos apoia esta proposta. Susana Reboreda pregunta pola incompatibilidade como decano elixido e como claustral e amósase en contra da proposta do alumnado. Finalmente o alumnado retira a súa petición.

A postura do claustro é permitir a incorporación.

## **15. Elección, polo sector estudantes, dos seguintes membros:**

### **A. Mesa do Claustro (2 vacantes).**

Presentáronse as seguintes candidaturas:

- Paula Gil Hidalgo

Como só se presentou unha candidatura non hai que celebrar eleccións.

### **B. Consello de Goberno (8 vacantes).**

